



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte e nove de xuño de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Pola Sra. García Gómez, concelleira delegada de Servizos Sociais dáse lectura á **Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI a celebrar o día 28 de xuño de 2018**, que se transcribe a continuación:

“Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”. Estas palabras corresponden á redacción do artigo primeiro da Declaración Universal de Dereitos Humanos e é incuestionable fundamento que rexe o traballo das Corporacións locais españolas, entidades lexítimas e garantes da defensa e protección dos dereitos e deberes de todas as persoas que viven nos nosos territorios.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Cando se cumpren 70 anos da aprobación do documento declarativo aprobado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, 65 anos desde a aprobación do Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e 39 desde a súa ratificación por España, os Concellos que forman parte da FEMP adhírense, un ano máis, á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI como parte do seu compromiso coa igualdade de trato e de oportunidades como un principio fundamental e unha tarefa prioritaria para as Administracións locais.

O 28 de xuño, en recordo dos disturbios de Stonewall (Nova York), celebramos o recoñecemento formal dos dereitos das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais fundamentado en valores universais e democráticos como a igualdade, o respecto, a diversidade e a liberdade e, ao mesmo tempo, lamentamos que este paso non se producira a nivel mundial, nin de maneira plena. Lamentamos tamén que en moitos casos o recoñecemento dos seus dereitos non pase de ser un recoñecemento formal, que por desgraza en ocasións non é suficiente garantía para estas persoas de que os seus dereitos sexan efectivamente respectados.

Recoñecemos as moitas medidas que desde diferentes ámbitos se veñen levando a cabo para apoiar ás vítimas e para modificar actitudes e solidarizámonos con todas as persoas que sufriron mostras de intolerancia, discriminación e violencia.

As Corporacións locais españolas seguimos comprometidas co desenvolvemento e implementación de políticas e servizos públicos velando por unha garantía de igualdade efectiva con independencia da súa orientación sexual e identidade de xénero, como elemento esencial para a convivencia, o progreso e o desenvolvemento social e económico sostible.

Somos, as entidades locais, a porta de entrada e primeiro termómetro das necesidades da cidadanía e salvagarda da convivencia cidadá e non discriminación de todas as persoas, con independencia da súa raza, sexo, idade, procedencia e condición sexual, representamos un dos tres piares fundamentais sobre os que descansa a estrutura do noso Estado e contribuímos de forma inequívoca ao estado de benestar.

As entidades locais reclamamos o noso papel como axentes esenciais no deseño e no desenvolvemento de políticas transversais e estratéxicas que garantan a igualdade de trato, en dignidade e en dereitos.

Por todo iso, os concelleiros que integran a Corporación Municipal de Ordes:

- Adherímonos a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade de todas as persoas á marxe da súa identidade sexual e/ou de xénero e da súa orientación sexual.
- Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, coa diversidade sexual, así como da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero, recoñecendo os avances neste marco, ao tempo que reiteramos a nosa firme determinación de avanzar na superación das barreiras que aínda perviven hoxe en día.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

- Reclamamos o recoñecemento ao alto grao de compromiso asumido na organización e prestación de servizos esenciais e aos cambios e innovacións, novos enfoques e metodoloxías que continuamos incorporando para asegurar a excelencia, dispoñibilidade e calidade que a cidadanía demanda e require.
- Constatamos a necesidade de investir en políticas a favor da diversidade sexual e a non discriminación das persoas pola súa orientación ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación, sensibilización e concienciación, que fagan das nosas cidades e pobos espazos seguros para a diversidade sexual en todas as súas manifestacións.
- Condenamos calquera tipo de agresión, incluíndo tanto a violencia física como a verbal, a humillación e o menosprezo cara a persoas LGTBI no noso país e comprometémonos a continuar traballando na información e formación da Policía Local.
- Afirmamos que non son posibles as políticas de igualdade sen os Concellos. Por ese motivo, reivindicamos a necesidade de dotar ás entidades locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a implementación adecuada de todas as políticas e iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas en todos os nosos pobos e cidades.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 01/06/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 01/06/2018, resultou aprobada por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase do procedemento de autorización da obra da senda das Casillas a raíz de que hoxe hai unha moción para tratar, e que adianta que non o goberno non vai a votar a súa urxencia por que non a entende como tal, por que se fixeron todos os trámites preceptivos co Ministerio de Fomento, así como que se trata dunha competencia propia da Alcaldía. O 27/10/2017 os concelleiros non adscritos Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Raña presentaron unha moción, aprobándose a solicitude ao Ministerio de Fomento para a realización desta actuación, que se non a pode asumir o Ministerio se autorice a súa execución con fondos municipais. O Ministerio de Fomento contestou de maneira positiva, en febreiro de 2018 pola asistencia técnica realizouse o levantamento topográfico de todo o trazado onde se pretende construír a senda, dende o acceso da gasoleira ata o Bar Ourense. No mes de maio o Ministerio de Fomento autoriza a realización das obras cunhas condicións particulares con limitacións na vía de servizo. O 15 de xuño o Xefe Provincial de Estradas, o enxeñeiro responsable de conservación, o técnico redactor do proxecto e o Alcalde percorreron a proposta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

de trazado en pranta da senda tal e como foi remitida para a autorización. Nesta reunión se nos adianta que a traza é a lóxica, que esa condición particular se pode modificar para autorización definitiva. O 20 de xuño remítese unha separata do técnico redactor do proxecto conforme aos acordos chegados coa Demarcación de Estradas na visita de campo solicitándose a modificación da autorización. A autorización definitiva asíñase o 22 de xuño, na que se informa favorablemente a totalidade da actuación tal e como está plantexada. Os condicionantes en ningún momento cuestionan a traza ou a localización prevista para a senda. Por todo isto entende que non procede a moción do BNG, adiantan o voto en contra da urxencia como dos acordos da moción no caso de ir esta adiante. A competencia non é do pleno para a definición do proxecto. Isto é o que quere informar para que os concelleiros teñan claro á hora de adoptar a decisión en relación a este punto.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 1 de xuño de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Os habitantes das cidades, en ocasións, poden percibir a contorna urbana como un medio frío e hostil debido ao rápido desenvolvemento demográfico e a diminución dos espazos públicos. A presenza dos animais pode favorecer, en certo xeito, o achegamento á contorna natural e fomentar o respecto pola natureza nos homes e as mulleres que as habitan.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Pasear co can e intentar facer algúns recados, unha actividade corrente e, en principio, lúdica e relaxante, pódese converter en motivo de problemas se hai que acceder a lugares públicos. Aínda son moitos os lugares onde os cans teñen vetada a entrada.

Polo xeral, mentres realizamos algún trámite na casa do concello ou noutras dependencias municipais, os cans son atados a unha varanda ou outro lugar aínda que non sexa o máis apropiado e esta situación pode ser prexudicial para nosa mascota. Xa que poden ser danados, sentirse acurralados por outro can ou ata os poden roubar.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instamos ao Concello a crear un lugar adecuado cun soporte adecuado onde atar ou colocar a correa para que as mascotas poidan esperar aos seus donos mentres estes realizan algún tipo de trámite ou consulta á entrada de todas as dependencias municipais ou outras onde estea representado o Concello (Casa do Concello, Casa da Cultura, Biblioteca, Oficinas Policía Municipal, Centro Saúde, Colexios Públicos , ...etc.)”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este tipo de propostas poden ser tratadas como un rogo. Son cousas lóxicas que sempre van a admitir. Neste caso presentouse como moción, está no seu dereito. Pide que a súa execución se faga de maneira paulatina como noutras ocasións. Non é moito o custe, verase como se vai a facer.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non pode dicir que non está de acordo. Quere facer fincapé nunha serie de cousas para mellorar a vida das persoas que teñen animais. Hai dous problemas que non se están a tratar, que lle parece importante tratar. Un é o maior abandono de animais que se está vendo dende que saíu a nova lei de benestar animal. Outro é unha queixa constante dos veciños polos excrementos que son deixados na rúa.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están absolutamente de acordo co plantexado polo compañeiro do PSOE. A exposición de motivos parécelles un pouco contraditorio expor os animais son atados a unha varanda ...etc. Entenden que si o modelo que se propón é o da fotografía, se se atán tres cans a un mesmo lugar



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

tamén poden verse acorralados, sobre todo os de menor tamaño. Logo que cando se coloquen os soportes que sexa a resguardo das inclemencias metereolóxicas en cumprimento da ordenanza de posesión de animais domésticos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa iniciativa que presenta o PSOE.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que tamén están de acordo con esta moción. Buscarase un modelo adecuado para a súa colocación progresiva. Con respecto ao comentado pola Sra. Martínez Candal temos un motón de abandono ultimamente, isto é anterior á entrada en vigor da nova lei. Dende o concello fanse campañas de concienciación ás persoas para a tenza responsable de animais domésticos, pero é algo que se nos escapa a todos. Hai peregrinos que se acompañan de animais que deixan aquí, aparecen animais no límite do noso concello. Gustaríalle buscar unha solución para que isto rematase, é a máis interesada, pero non lle encontra solución.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instamos ao Concello a crear de maneira paulatina un lugar adecuado cun soporte adecuado onde atar ou colocar a correa para que as mascotas poidan esperar aos seus donos mentres estes realizan algún tipo de trámite ou consulta á entrada de todas as dependencias municipais ou outras onde estea representado o Concello (Casa do Concello, Casa da Cultura, Biblioteca, Oficinas Policía Municipal, Centro Saúde, Colexios Públicos , ...etc.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Para moitos será máis fácil de identificar as pranchas con amianto si falamos de uralita e fibrocemento, as dúas marcas con que se comercializou en España.

Pero o emprego masivo do amianto truncouse a mediados dos anos 80, cando definitivamente demostrouse que as fibras deste material eran altamente canceríxenas, podendo orixinar diversos tipos de cancro de pulmón e pleura, así como un tipo de fibrosis pulmonar coñecida como asbestosis. Desde entón, a súa prohibición foi gradual e en España quedou vetado definitivamente o seu emprego en calquera forma ou produto en 2002.

O Parlamento Europeo na súa Resolución do 14 de marzo de 2013, co voto do 91% dos parlamentarios presentes, establece un propósito e incita á acción no desenvolvemento de programas de eliminación, punto 21, animando aos países da UE a colaborar cos axentes sociais e outras partes interesadas a escala europea, nacional e rexional para desenvolver e compartir plans de acción de xestión e eliminación do amianto. E no punto 22, pide aos Estados membros que avancen no proceso de eliminación gradual do amianto no menor prazo posible.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Os nenos e nenas son máis vulnerables que os adultos á exposición ao amianto pois teñen unha actividade respiratoria maior que os adultos en relación á súa capacidade e superficie pulmonar, tamén están máis cerca do chan onde adoitan estar as fibras e son máis dinámicas.

O CEIP Alfonso Rodríguez Castela ten a cuberta de uralita ou fibrocemento como así podemos apreciar nas fotos que achegamos.

O paso do tempo e os temporais fixeron mella na cuberta que cada vez se van deteriorando e como consecuencia as fibras de amianto sobrevoan e contaminan o aire do centro escolar.

No edificio onde se imparte FP Electromecánica de Vehículos contiguo ao IES número 1, tamén podemos observar na fotografía que existen pranchas de fibrocemento na súa cuberta.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

- Instamos á retirada de todas as cubertas de fibrocemento dos centros educativos dependentes da Consellería de Educación da Xunta como dos dependentes do Concello de Ordes.
- Instamos a que se faga un inventario do amianto existente en todos os colexios e edificios municipais tanto o visible como o invisible, de cara a poder elaborar un plan de retirada gradual”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está de acordo con esta moción. Debe eliminarse o amianto. As administracións son as que deben dar máis exemplo, non so nas instalacións educativas, que considera primordial, senón tamén no resto de edificios municipais.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que evidentemente están a favor desta proposta. Queren puntualizar que no tema das cubertas o fibrocemento mentres non se manipule, non se rompa ou erosione, e dado que o fibrocemento non é un material friable, non se desmenuza facilmente, non solta as fibras de amianto. Consideran que é máis urxente, onde si hai un perigo real de que os veciños absorban esas fibras de amianto é na rede de abastecemento municipal, por que a auga transcorre a través dela, a vai erosionando pouco a pouco, vai arrastrando esas fibras na auga de uso doméstico. Son conscientes de que é



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

un custe elevado, que hai que ir progresivamente, pero non hai que despistarse. Seguramente hai Directivas Europeas para o cumprimento desta retirada. Na retirada das cubertas están a favor, hai máis edificios, o propio CEIP Campomaio ten todas as cubertas de fibrocemento, no CEIP Castealo o que queda é o edificio amarelo. Trouxeron unha moción no mes de febreiro, no debate xa indicaron que era importante cambiar esa cuberta por unha de panel sandwich con espuma de poliuretano no interior, que mellorase de paso o illamento térmico.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están a favor de que se retiren este tipo de pranchas. Xa levan falado aquí moito do perigo que ten o amianto para os nosos veciños. Están totalmente de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que invertiría a orde dos acordos, primeiro facer o plan, ter claro os lugares onde actuar. E despois instar á Consellería e ao Concello en relación coas súas instalacións. Os CEIPs son titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nas últimas reformas nos locais sociais xa se substituíron esas pranchas de fibrocemento por paneis sandwich.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Instamos a que se faga un inventario do amianto existente en todos os colexios e edificios municipais tanto o visible como o invisible, de cara a poder elaborar un plan de retirada gradual.
- Instamos á retirada de todas as cubertas de fibrocemento dos centros educativos titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, como dos titularidade do Concello de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No pasado pleno ordinario do mes de maio, aprobouse polo pleno o suplemento de crédito 1 PCESC/2018, para poder dispor de parte do remanente de tesourería e levar a cabo unha serie de proxectos, entre os que se atopa a construción da senda peonil das Casillas.

Sen entrar a valorar a incapacidade do alcalde para conseguir que o Ministerio de Fomento, cando menos, financie en parte a construción desta senda, atopamos dende o BNG de Ordes un grave erro no trazado pretendido da senda peonil, xa que en varios puntos discorre entre a N550 e as vías de servizo existentes.

É doado para calquera persoa chegar a comprender que isto supón un elevado risco para a seguridade viaria, e que a situación dunha senda peonil debe ser sempre polo exterior das vías de servizo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Na Comisión Informativa celebrada ao respecto, dado que desde o grupo municipal do BNG de Ordes, tiñamos dúbidas de que o proxecto tal e como estaba formulado, dispuxese de autorización por parte do Ministerio de Fomento, solicitamos que nos fose remitida copia da mesma.

Analizándoa, pódese comprobar que o propio Ministerio de Fomento, nas condicións particulares da autorización, obriga a afastar o trazado da senda peonil proposta do tronco da estrada estatal N-550, debendo executarse nos tramos nos que exista un camiño ou vía de servizo lateral, pola zona exterior dos mesmos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da corporación municipal insta ao Alcalde a que de xeito inmediato leve a cabo as actuacións precisas para modificar o proxecto denominado: Senda peonil na marxe dereita da N-550, p.q. 37+350 a 38+560, co obxecto de situar o trazado da senda peonil polo exterior dos camiños ou vías de servizo laterais.”

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de nove votos en contra (6 grupo político PP, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), oito votos a favor (3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou por en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados “A Manada”, condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xurídicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

E como reacciona o Tribunal: Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulacón dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores.

Non está de máis lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe quedaríamos da sociedade se non recollemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas no noso concello a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condenada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. A declaración de persoas non gratas a:
 - José Ángel Prenda Martínez.
 - Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena.
 - Jesús Escudero Domínguez.
 - Ángel Boza Florido.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- FOLLA Nº 11

- Antonio Manuel Guerrero Escudero.
- 2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.
- 3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que se está a falar dun caso de abuso sexual que tivo moita repercusión en España, pero tamén a nivel internacional, é un tema que foi debatido no Parlamento Europeo, non que se pediu adaptar as lexislacións nacionais ás disposicións do Convenio de Estambul. A Coordinadora de Asuntos de Acoso Sexual da ONU Mulleres considerou que a condena foi demasiado leve e que subestima a gravidade da violación e mina as obrigas de protexer os dereitos das mulleres. Aínda que a sentenza non foi firme, todos entendemos que non foi especialmente negativa por que pode sentar un moi mal precedente tendo en conta os feitos. Segue a responsabilizarse ás mulleres das agresións que sofren. Non pode compartir o veredicto da sentenza nin os motivos da liberdade provisional dos acusados. Foi unha sentenza decepcionante. Aínda que aos políticos nos toca respectar a separación de poderes, non pode deixar de apoiar esta moción polo simple feito de que os acusados non amosaron en ningún momento arrepentimento, nin pediron perdón. Somentes por iso semella outra forma máis de humillación hacia a vítima. Se de algún xeito se pode facer ver aos acusados que o seu comportamento non foi normal so pode ser a través do clamor de todos da súa pobre conciencia se é que a teñen. Vai a sumarse favorablemente a esta moción mentres non demostren que son conscientes do que cometeron, chámenlle como queiran, agresión ou abuso sexual, da igual. Deben darse conta do que cometeron, pedir perdón e como mínimo mostrar arrepentimento.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo. Hai outro casos que tamén se deberían incluír aí.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que os socialistas de Ordes acatan a decisión xudicial como do estado de dereito no que viven, pero non comparten en absoluto a decisión da xustiza de posta en liberdade desta banda que cometeu un acto tan atroz. Queren trasladar todo o seu apoio á vítima como ao seu entorno. Para solidarizarse coa vítima e con todas aquelas persoas que foron vítimas de violacións, mulleres, nenos, ...etc. queren incluír unha emenda para declarar persoas non gratas a todos os violadores con condenas en firme, especialmente aos de menores.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que despois de oír aos compañeiros de corporación e de ver a sentenza, ven necesaria unha reforma do Código



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Penal e que estes casos se traten nun xulgado específico de violencia de xénero, e ao mesmo tempo respaldan as mobilizacións que se levaron a cabo sobre este caso. Van a votar a favor.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que están de acordo con todas as intervencións anteriores. Se reafirman na separación de poderes, independencia do poder xudicial. Confían en que a través do proceso xudicial, os anuncios que fixeron polo Ministerio Fiscal presentando recurso contra dita sentenza, así como contra a súa posta en liberdade. Póñense de lado da vítima, que saíu á rúa, que denunciou. Hai moitas vítimas obxecto de violación, asesinato, ...etc., que non saíron á rúa, sofren, cuxos violadores e asasinados deben ser tamén declarados persoas non gratas. Apoiarán a moción.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que aceptan a emenda do Sr. Manteiga García.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Declarar persoas non gratas a:
 - José Ángel Prenda Martínez.
 - Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena.
 - Jesús Escudero Domínguez.
 - Ángel Boza Florido.
 - Antonio Manuel Guerrero Escudero
2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.
3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

- Grupo Municipal Socialista no POS 2017 a petición da veciñanza solicitou para evitar a perigosa saída actual desde o Lugar do Casal-Vilamaior a AC.524 que se acondicionase con asfalto o vial da concentración parcelaria que ven desde cerca da Armada á AC.524 de Ordes a Lanzá.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos nos indiquen en que estado de licitación está este vial e cando está previsto a iniciación do devandito acondicionamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o expediente de contratación foi á Xunta de Goberno Local o pasado 22 de xuño. Se todo vai ben poderá executarse entre os meses de xullo e agosto a totalidade da actuación que contempla máis viais.

- Veciños de Ordes alertaron a este grupo socialista dun vertido no río Mercurín no paseo Ramiro Recouso á altura do centro médico.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se investigue e se informe a que se debe o vertido, de onde procede e que se subsane o problema para evitar que siga vertendo e contaminando o río.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se falou con Espina así como coa persoa que fai o mantemento do paseo. Isto sucede de maneira natural durante o verán. O drenaxe que se ve alí é das brañas que había na parte posterior do Centro de Saúde, o que fan é soltar ferro nesta época. É necesario a limpeza, a persoa de mantemento unha vez rematados os traballos de sega procedera a súa limpeza. Eliminado o óxido a auga que sae é completamente limpa.

Intervén o Sr. Manteiga García, que propón que se coloque un cartel indicativo de augas ferrosas para evitar a alarma.

- Para o Grupo Municipal Socialista a Area Recreativa Fluvial do Río Mercurín (Paseo Ramiro Recouso) é unha das obras emblemáticas que se licitou e construíuse xestionando a concellería de Medio Ambiente os Socialistas de Ordes na Corporación Municipal do 2007/2011. Creemos que pola súa utilización como zona verde polos veciños non se debe permitir a súa mala utilización como así podemos observar nas fotos que achegamos.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Rogamos máis vixilancia e non se permita o mal uso cívico desta área verde tan apreciada polos veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o lixo é o resultado dun fin de semana no entorno do Campo da Feira. Os luns de maneira habitual procédese á limpeza de todo o entorno.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Como se pode apreciar nas fotos, a zona do río pola parte de atrás de Víctor González Faya na antiga zona do matadoiro, presenta un estado de abandono con moita maleza, cubrindo incluso na parte onde están as escaleiras que baixan cara alí os aparellos de ximnasia así coma os bancos que alí se instalaron. Por iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda de xeito inmediato, á limpeza desta zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai que negar que temos este ano un retraso importante coa limpeza. O retraso ven provocado en parte polo retraso na aprobación do PEL pola Deputación Provincial, se todo vai ben poderán empezar o quince de xullo. A vindeira semana incorpóranse as dúas persoas do APROL.

- Veciñanza da aldea de Vilasuso, Beán, trasladou ao grupo municipal do BNG de Ordes a súa preocupación pola velocidade á que transitan os vehículos na estrada que une a aldea de Vilasuso coa AC-3802.

Por iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á colocación da sinalización correspondente en dita estrada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o analizarán coa policía local e verase que se pode facer alí.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Tal e como se pode apreciar nas fotografías que acompañan ao presente rogo, as pistas da concentración parcelaria de Parada (sobre todo nas proximidades da zona da Grela), parecen unha auténtica selva e mesmo case chegan a ser intransitables.

É polo que instamos ao alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

A que se efectúen canto antes as correspondentes tarefas de roza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día cando se deron as tomas de posesión das concentracións parcelarias de Lesta, Mercurín e Parada no ano 2017, concretouse por parte da Consellería do Medio Rural dado que xa que estaban entregadas a rede viaria ían a facer unha última limpeza e desbroce. Mercurín e Lesta se fixo no ano 2017. Informaron a finais de 2017 que se esgotara o crédito que tiñan na parte de prevención de incendios con fondos propios da Xefatura Territorial da Consellería e que a ZCP de Parada tiña que esperar para o ano 2018. Hoxe a raíz deste rogo falou de novo co Director Xeral e o que se me dixo é que hai que esperar un mes e medio máis, non se poderán facer estes traballos ata finais do mes de agosto. Mantén o compromiso de que van a entregar esta segunda fase da rede de concentración parcelaria feita a limpeza. Se non se cumprixe fará o posible para que se faga con fondos municipais ao longo do ano para que non se prolongue máis esta situación.

- Desde o BNG de Ordes, insistimos en varias ocasións durante o presente mandato na necesidade de levar a cabo os trámites precisos para cobrar ás empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos, unha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local.

Do mesmo xeito, insistimos na necesidade de levar a cabo os trámites precisos para cobrar o IBI correspondente á concesionaria da explotación da autoestrada AP-9.

A aplicación destas dúas medidas, suporía unha importante inxección anual de capital ás arcas municipais, e sen que tivese que pagalo a veciñanza. Así mesmo lembramos que son medidas que nalgúns casos xa están a ser aplicadas co éxito noutros concellos.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informen das medidas levadas a cabo ao respecto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como xa se dixo en anteriores ocasións en relación coa taxa do 1,5 é moi importante ter primeiro o inventario. A empresa que conseguiu que se nos recoñecesen os dereitos na Central Térmica de Meirama polo IBI é a que está a traballar nisto dende o mes de xullo-agosto do ano pasado. A intención é que para o mes de outubro estea listo o estudo dos dereitos que poderíamos ter e unha previsión do que suporía para as arcas municipais. O estudo estase a realizar sen custe algún. A partir de aí se hai o visto bo do concello faríase o informe técnico para remitir as reclamacións a todas as empresas, especialmente ás de enerxía eléctrica. Hai que preparar a ordenanza que ten que ser incorporada no plan normativo anual, que se todo vai ben se aprobará nos primeiros meses de 2019, despois empezaría a notificar a taxa ás empresas. Antes de febreiro, marzo de 2019 non estará en vigor. Isto leva o seu tempo, hai que facer o traballo ben feito para que despois non haxa reclamacións das empresas. En canto ao IBI da AP9 visto o plantexamento económico sen garantía dos avogados optouse que este non era viable para o concello e darlle traslado á asistencia xurídica que leva varios meses preparando a presentación do contencioso-administrativo cunha cuestión prexudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se todo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

vai ben ao longo do verán será presentado. Isto non garantiza que nos vaian a dar a razón, na gran maioría dos casos non se admite a reclamación. Veremos o que acontece.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que 36.000 euros é unha cantidade importante, ninguén o discute. Agora ben o que se pode chegar a percibir de prosperar esa reclamación é unha cifra importantísima, estamos a falar de varios millóns de euros se se reclaman os atrasos. Aínda que non haxa garantías, visto o posible resultado, non habería que escatimar recursos en intentar conseguir esa iniciativa, por que se se consegue poderíase liquidar a débeda do concello dun plumazo. Perder 36.000 euros en intentar conseguir catro millóns de euros, cree que a dúbida é escasa. Se o van a intentar a través da vía da asistencia xurídica do concello, non escatimen a colaboración externa de técnicos. Estamos a falar dunha cantidade importante.

- No plan normativo anual no que se vai a recoller a ordenanza do rogo anterior é necesario que polos técnicos municipais se faga unha análise das ordenanzas municipais para a súa adaptación á normativa vixente, eliminando as que non sexan xa de aplicación.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que no plan normativo anula se inclúa a modificación e derogación de ordenanzas e regulamentos non adaptados á lexislación vixente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no mes de setembro trasladarase a todos os concelleiros o inicio da elaboración do plan normativo para que se fagan aportacións para a súa aprobación no mes de outubro ou novembro.

- O valado da pista multideporte presenta numerosos rebarbos e chuzos, os cales chegaron a provocar cortes nalgúns nenos e nenas que xogaban no interior do recinto.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que inste á empresa que a instalou, a solucionar estas deficiencias para eliminar o perigo que supoñen.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo, xa se lle fixo saber á empresa instaladora. Entre hoxe e o luns quedaron de facer as reparacións.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na zona da Bailía, hai un poste da liña telefónica que leva meses fendido á metade e suxeito por un cabo ó terreo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

No mes de marzo este grupo político xa trouxo esta problemática ao pleno, e dende aquela a problemática non fixo máis que agravarse.

Solicitamos o seguinte:

Se solicite á compañía telefónica o arranxo do poste o antes posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este poste leva así varios meses, reiterouse en varias ocasións, hai enviada unha comunicación formal no mes de abril. Está sen facer pola empresa. Está mañá volvémonos a por en contacto con ela e non teñen aínda unha data exacta para proceder á execución desa deficiencia e outras que lle teñen trasladado non termo municipal. Co cambio da empresa que fai o mantemento na comarca fai un ano o servizo desmellorou moito.

- Os/As veciños/-as do Campo da Feira puxéronse en contacto con esta forza política para manifestar o seu malestar polos ruídos que teñen que soportar debido ó emprego da pista multideporte en horario nocturno.

En ocasións, esta situación tense prolongado ata altas horas da madrugada, o que perturba o descanso da veciñanza que viven nas inmediacións da pista multideporte.

Solicitamos o seguinte:

Se controle o horario de emprego da pista multideporte, limitando o seu emprego en horario diurno, de acordo ó establecido no artigo 4 da Ordenanza municipal sobre protección do medio natural de ruídos e vibracións e o exercicio das actividades sometidas a licenza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o artigo 4 da ordenanza municipal é exclusivamente á medición dos decibelios. O horario de apertura ven regulado pola Orde da Xunta de Galicia de horarios que permite a apertura ata a unha da madrugada. O plantexamento que teñen feito para a instalación é facer un peche por seguridade o fin de semana. En ningún momento lle presentaron unha queixa de molestias ou ruídos na zona. Lle traslada o que lle ten chegado, non nega que teña acontecido. Procurarán estar vixiantes. Pechar ás dez da noite parécelle moi prematuro para esta instalación en determinadas épocas do ano. Intentarán facer un control para problemas puntuais.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que vive no Campo da Feira e a queixa lla trasladaron varios veciños. Nestas semanas que houbo tan bo tempo puido constatar que as tres da mañá había xogando na pista, cando o balón golpea no peche perimetral, aos veciños que viven enfrente moi agradable non é. non tratan de limitar o seu uso pero os veciños tamén teñen dereito a descansar.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do BNG, que formula as preguntas seguintes:

- En relación coa recollida e tratamento de residuos voluminosos:

Por todo iso preguntamos ao alcalde o seguinte:

¿Que cantidade de voluminosos foron recollidos e tratados en 2017, e que porcentaxe de cada clase (mobles, electrodomésticos, ...etc.)?.

¿Que tipo de tratamento reciben os voluminosos?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que en total recolléronse 33.101 kg., o dez por cento eran de metais e foron enviados a un xestor autorizado, un cinco por cento de electrodomésticos que se envían a Cespa para reciclaxe, o quince por cento de residuos mesturados que non son aptos para a súa valorización e o setenta por cento de voluminosos que se envían a Gestamp para a súa valorización. Tamén se recolleron 740 kg. de neumáticos, 2.640 kg. de escombros e 1.480 kg. varios sen catalogar.

Os residuos voluminosos LER 200-307 son enviados a Gestamp para o reciclado e recuperación de materiais inorgánicos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do BNG, que formula as preguntas seguintes:

- O ano pasado o concello mercou a parcela que fai esquina na pista que dá acceso á Igrexa de Parada. Nas inmediatezas da mesma existe un galpón no que a asociación de veciños garda maquinaria agrícola da súa propiedade.

O concello ven de trasladarlle á veciñanza da parroquia a intención de demoler dita construción.

Por todo iso preguntamos ao alcalde o seguinte:

¿Cal foi o prezo polo que se mercou a citada parcela?.

¿Quen asumirá os custos de demolición do citado galpón?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o prezo é o que está nos orzamentos 20.000 euros. A demolición aínda non está tomada. O galpón esta executado en parte no dominio público non estritamente sobre a finca.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cincuenta e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

O ALCALDE

O SECRETARIO